



# CEIP A SOLAINA

[Versión 3.0\_ setembro 2023]

# Índice do Plan Dixital

## 1. Introdución

Datos básicos do centro

Contextualización do plan dixital no centro. Contribución ao Proxecto Educativo do Centro

Breve xustificación do mesmo

Proceso de elaboración

## Situación de partida

Infraestrutura, equipamento e servizos dixitais

Fontes empregadas para a análise DAFO

Análise DAFO

## Plan de Acción

Obxectivos, indicadores e accións

Necesidades de equipamento e de infraestruturas tecnolóxicas

## Avaliación do PD

Seguimento do Plan de Acción

Propostas de mellora (revisión)

## Difusión do PD

## 1. Introducción

### 1. Datos básicos do centro

CEIP A Solaina

Rúa Cardeal Cisneros, s/n, 15570 Narón

[ceip.asolaina@edu.xunta.gal](mailto:ceip.asolaina@edu.xunta.gal)

<http://www.edu.xunta.gal/centros/ceipasolaina/>

Etapas educativas: Educación Infantil e Educación Primaria.

Alumnado 2023/2024: 396.

Profesorado: 33.

### 2. Contextualización do Plan Dixital no centro. Contribución ao Proxecto Educativo do Centro

O CEIP A Solaina é un colexio público que se atopa nun centro urbano, situado no barrio da Solaina, que fai parte da parroquia de Santa Icí, pertencente á cidade e concello de Narón. A parroquia de Santa Icí conta con algo máis de 6.000 habitantes e unha superficie de 1,75 km cadrados. As edificacións seguen na súa gran maioría unha tipificación arquitectónica asentada no modelo tardofranquista de urbanismo non planificado, con construcións axeitadas a ese modelo, vías estreitas e espazos públicos construídos xa no período democrático. A zona urbana do concello aséntase basicamente na zona sur, aproveitando a proximidade do termo municipal de Ferrol, co que comparte un espazo urbano continuado. A poboación total do concello bordea os 40.000 habitantes, o que o converte na cuarta cidade da provincia da Coruña.

A poboación responde a extractos sociais medios. Malia os efectos económicos da pandemia, existe unha gran porcentaxe de familias nos que ambos cónxuxes traballan fóra de casa, sobre todo vaise notando entre as novas incorporacións a 4ºEI, que ano tras ano van necesitando o servizo de madrugadores e do comedor en maior porcentaxe que noutros niveis superiores. A

maioría do alumnado da Solaina reside na zona de área de influencia directa, aínda que non son raros os casos de alumnado de áreas limítrofes ou mesmo máis afastadas.

Desde o punto de vista lingüístico, a maioría das familias que aquí viven son maioritariamente castelanfalantes, aínda que non teñen actitudes negativas de cara ao galego. Na súa maioría observamos un interese polo seu ensino e unha tendencia estable a actuar favorablemente con respecto a obxectivos e situacións sociais.

Unha contribución deste Proxecto Dixital de Centro integrouse no Proxecto Educativo do centro e está en relación directa co proxecto E-Dixgal, que se puxo en marcha na Solaina para o curso pasado 2022/23 en 5º de primaria. Igualmente, integrárase unha contribución do mesmo na Programación Xeral Anual do ano 2023/2024, coa extensión do programa E-Dixgal no 6º curso do ciclo de primaria.

### 3. Breve xustificación do mesmo

#### 1. Segundo o Artigo 111 bis da LOE. Tecnoloxía da información e da comunicación. Que di:

2. Os contornos virtuais de aprendizaxe que se utilicen nos centros educativos sostidos con fondos públicos facilitarán a aplicación de plans educativos específicos deseñados polo profesorado para acadar obxectivos específicos do currículo, e deberán contribuír á extensión do concepto de aula no tempo e no tempo. espazo. Por este motivo, deberán permitir, respectando as normas de interoperabilidade, o acceso do alumnado, desde calquera lugar e en calquera momento, ás contornas de aprendizaxe dispoñibles nos centros educativos nos que curse estudos, con pleno respecto ao disposto na normativa aplicable en materia de propiedade intelectual, privacidade e protección de datos persoais. Así mesmo, promoverán os principios de accesibilidade universal e deseño para todas as persoas, tanto en formatos e contidos como en ferramentas e contornos virtuais de aprendizaxe.

3. A Consellería de Educación e Formación Profesional promoverá, previa consulta ás comunidades autónomas, a compatibilidade dos formatos que poidan ser soportados por ferramentas e contornos virtuais de aprendizaxe no ámbito dos contidos educativos dixitais públicos, co fin de facilitar o seu uso independentemente do da plataforma tecnolóxica na que están aloxados.

4. O Ministerio de Educación, Cultura e Deporte ofrecerá plataformas dixitais e tecnolóxicas de acceso a toda a comunidade educativa, que poderán incorporar recursos didácticos facilitados polas administracións educativas e outros axentes de uso compartido. Os recursos deberán seleccionarse en función de parámetros de calidade metodolóxica, adopción de estándares abertos e dispoñibilidade de fontes que faciliten a súa difusión, adaptación, reutilización e redistribución e serán recoñecidos como tales.

## **2. Disposición adicional quinta da Resolución do 17 de xuño de 2021, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento das ensinanzas de EI, EP, ESO e bacharelato no curso académico 2021-2022. 5.**

As administracións educativas e os equipos directivos dos centros promoverán o uso das tecnoloxías da información e da comunicación (TIC) na aula como medio didáctico axeitado e valioso para a realización das tarefas de ensino e aprendizaxe.

No procedemento de seguimento do desenvolvemento do plan, dentro do contexto da avaliación procesual vai haber unha frecuencia da súa realización como mínimo dunha vez ao trimestre. Os aspectos a valorar incluírán o estado da execución das accións, a análise e valoración dos resultados e, de ser o caso, as posibles modificacións das accións e as propostas de mellora.

Na consecución de obxectivos, dentro do contexto da avaliación final a frecuencia da súa realización será como mínimo unha vez ao ano. Os aspectos a considerar incluírán, entre outros, a valoración do logro dos obxectivos e as propostas de mellora.

### **3. Disposición adicional terceira da Resolución do 18 de xuño de 2021, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento dos ciclos formativos de FP do sistema educativo no curso 2021- 2022.**

Os centros docentes elaborarán no curso 2021/22 o seu plan dixital de acordo coas instrucións que se diten.

### **4. Resolución do 3 de setembro de 2021, da Secretaría xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o deseño, elaboración e implementación do Plan Dixital nos centros docentes sostidos con fondos públicos da Comunidade Autónoma de Galicia para o curso 2021-2022.**

A Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación, regula diferentes aspectos relacionados coa competencia dixital e a innovación educativa, así no artigo 121 establece que o proxecto educativo do centro recollerá, entre outros aspectos, a estratexia dixital do centro, de acordo co establecido no artigo 111 bis....

Terceiro. Procedemento de deseño, elaboración e implementación do Plan Dixital

1. Ao longo do curso 2021-2022, cada centro dentro da súa autonomía elaborará o documento do Plan Dixital para que sirva de referencia a toda a comunidade educativa, de xeito que no curso 2022-2023 a súa aplicación sexa efectiva.

.....No seu caso, o Plan Dixital será aprobado pola dirección do centro unha vez oído o claustro e será elevado como informe ao Consello Social.

5.3. No curso 2022-2023, o centro procederá a implementación efectiva do Plan que estará sometido a un proceso de avaliación e mellora continua.

5.4. No curso 2023-24 o centro continuará coa expansión do Plan Dixital coa aprobación do Claustro e Consello Escolar.

## **4. Proceso de elaboración**

Nos principios do curso 2021/2022 chegou ao centro a disposición para a resolución pola que se establecía a necesidade de elaborar un plan dixital de centro.

Ao longo do curso e despois de xuntanzas do equipo de dinamización das novas tecnoloxías e o equipo directivo, ademais dos comentarios informais con outros mestres e mestras do noso centro, realizamos unha reflexión acerca das carencias e das virtudes da cultura dixital do mesmo, chegando á conclusión de que son máis as deficiencias que as virtudes.

A falta dunha infraestrutura tanto a nivel conectividade coma a nivel calidade dos equipos, e falta dunha cultura de formación en materia dixital e a falta de comunicación en materia dixital entre o profesorado, fan que o noso centro precise dunha importante reflexión e actuación para poder contrarrestar esta situación a curto e medio prazo.

O traballo de análise e redacción do plan dixital quedou en mans do equipo de TICS e da dirección do centro.

## 2. Situación de partida

### 1. Infraestrutura, equipamento e servizos dixitais

Contamos no centro cunha infraestrutura deficiente a nivel conectividade, só dúas aulas contan con conexión de 100MB, o resto pola medición e o reparto de sinal, non chegan nin aos 5MB por aula.

En canto aos equipos, aínda que se están a mellorar neste momento, todavía quedan aulas con equipos obsoletos. Todas as aulas contan con ordenador e pantalla táctil, as aulas de PT e AL contan con pantallas máis modernas, táctiles de cristal líquido.

E-Dixgal está en proceso de implantación en 5º curso de primaria para o curso 2022/2023. Na sala de profesores contamos con catro equipos, un recentemente avariado, e están encargados dous novos, co cal contaremos para o curso que ven con 5 equipos activos. A aula de informática conta con 12 ordenadores funcionais pero con sistemas operativos obsoletos. Contamos



cunha páxina web , activa e actualizada, unha aula virtual cun compromiso de uso polo profesorado e que foi vital durante a recente pandemia, a implantación de edixgal no próximo curso, espazo abalar e abalar móbil.

Actualmente a xestión e mantemento dos equipo realízaos una empresa externa, a situación con esta empresa é de descontento neste momento polas demoras nas reparacións, e o mantemento sinxelo faino o coordinador de TICS.

O enlace ao plan de continxencia é o seguinte:

<https://www.edu.xunta.gal/centros/ceipasolaina/?q=taxonomy/term/98>

## 2. Fontes empregadas para a análise DAFO.

Areas	Grupos	Ensinanzas				
		Primaria	ESO	Bacharelato	FP	Ed. Post sec.
A -Liderado	Equipo Direct.	3,1				
	Profesorado	2,9				
	Alumnado	-				
B- Colaboración e redes	Equipo Direct.	3,2				
	Profesorado	2,5				
	Alumnado	3				
C- Infraestruturas e Equipos	Equipo Direct.	3,2				
	Profesorado	3,2				
	Alumnado	3,3				
D- Desenvolvemento profesional continuo	Equipo Direct.	3,7				
	Profesorado	3,2				
	Alumnado	-				
E- Pedagogía: Apoio e Recursos	Equipo Direct.	3,4				
	Profesorado	3,7				
	Alumnado	-				
F- Pedagogía:	Equipo Direct.	2,8				

<b>Implementación na aula</b>	Profesorado	3,2				
	Alumnado	3				
<b>G- Prácticas de avaliación</b>	Equipo Direct.	2,7				
	Profesorado	2,7				
<b>H- Competencias dixitais do alumnado</b>	Alumnado	-				
	Equipo Direct.	2,8				
	Profesorado	3				
	Alumnado	3,6				

### 1.3. Participación segundo perfil do profesorado

	N.º profesorado que participa	N.º profesorado total	% participación
<b>DEFINITIVO</b>	<u>12</u>	<u>27</u>	<u>44,4</u>
<b>PROVISIONAL</b>	<u>2</u>	<u>2</u>	<u>100</u>
<b>INTERINO</b>	<u>4</u>	<u>5</u>	<u>80</u>
<b>SUBSTITUTO</b>	<u>1</u>	<u>2</u>	<u>100</u>
<b>DESPRAZADO</b>	=	=	=

### 2.1. Puntuación e nivel de competencia do centro

Puntuación media do test (sobre 192)	Nivel de competencia	Puntuación media do test en Galicia (sobre 192)	Nivel de competencia en Galicia
59,4	<u>Explorador/a (A2)</u>	76,4	<u>Integrador/a (B1)</u>

### 2.2. Puntuación e nivel de competencia por etapas

	Puntuación media do test (sobre 192)	Nivel de competencia	Puntuación media do test en Galicia (sobre 192)	Nivel de competencia en Galicia
<b>Inf.</b>	<u>48,5</u>	<u>Explorador/a (A2)</u>	68,2	<u>Integrador/a (B1)</u>
<b>Pri</b>	<u>64,5</u>	<u>Explorador/a (A2)</u>	77	<u>Integrador/a (B1)</u>

### 2.3. Distribución do profesorado por niveis

	Total profesorado no nivel de competencia	% de profesorado participante neste nivel
A1	=	=
A2	13	65
B1	5	25
B2	2	10
C1	=	=
C2	=	=
<b>TOTAL</b>	<b>20</b>	<b>100</b>

### 3. Análise DAFO

INTERNOS		FORTALEZAS	DEBILIDADES
CATEGORÍAS	INFRAESTRUTURAS-EQUIPAMENTO	Asistencia técnica	Coñecemento das leis de protección de datos.
	PERSOAL DOCENTE	O profesorado está aberto a novas modalidades de ensino. Participación no desenvolvemento profesional continuo (DPC). Intercambio de experiencias. Interese no manexo de recursos educativos en liña. Adaptación ás necesidades do alumnado	Emprego de contornas virtuais de aprendizaxe. Avaliación das capacidades do alumnado. Creación de contados dixitais.
	PERSOAL NON DOCENTE		
	ALUMNADO	Intercambio de experiencias. Adaptación ás necesidades. Comportamento seguro e responsable. Implicación do alumnado.	Avaliación das capacidades do alumnado. Creación e uso de contidos dixitais.

	<b>FAMILIAS</b>	Intercambio de experiencias.	
	<b>OFERTA</b>		
	<b>ORGANIZACIÓN DO CENTRO</b>	Debate sobre uso das tecnoloxías.	Falta dunha estratexia dixital. Colaboracións efectivas dentro e fora da organización. Proxectos interdisciplinares. Creación de contidos dixitais.

EXTERNOS		OPORTUNIDADES	AMEAZAS
CATEGORÍAS	<b>ADMINISTRACIÓN EDUCATIVA</b>	Necesidade de desenvolvemento profesional continuado en materia dixital. (seminarios, tutoriais, etc).	Falta dunha Infraestrutura dixital funcional e solvente.
	<b>LEXISLACIÓN</b>	Implantación de E-DIXGAL.	
	<b>CONTORNA</b>		
	<b>ANPA</b>	Comunicación dixital coa comunidade educativa.	
	<b>OUTRAS ENTIDADES</b>		

### 3. Plan de Acción

<b>Área/s de mellora:</b>		<b>C- INFRAESTRUTURAS E EQUIPOS</b>	
<b>OBXECTIVO 1:</b>	Intalar una rede funcional de acceso a internet.	<b>Acadado</b>	
<b>Responsable:</b>	Dirección, equipo directivo, TIC.	<b>Non acadado</b>	
<b>INDICADOR/ES DO OBXECTIVO:</b>	<ol style="list-style-type: none"> <li>1. Contar con equipos de derradeira xeneración.</li> <li>2. Contar cunha potencia de polo menos 100MB por aula.</li> </ol>		
<b>Valor de partida:</b>	Ordenadores e potencia en precario en case todo o centro.		
<b>Valor previsto e data:</b>	Windows 10 e 100 MB por aula. (13/9/2024)		

ACCIÓNS A DESENVOLVER						
DESCRICIÓ	RESPONSABLES	DATA PREVISTA FIN	RECURSOS NECESARIOS	SEGUIMENTO DA ACCIÓ		
				VALORACIÓ DA ACCIÓ	ESTADO	
AO1.1: En equipos de traballo analizar os aparellos e as potencias aula por aula.	Equipo de TIC	1ª avaliación.	Persoal e tempo.		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO1.2: Facer un informe coa valoración da infraestrutura.	Equipo TIC e coordinador.	2ª avaliación	Persoal e tempo.		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO1.3: Contratar e/ou solicitar a mellora en dotación e potencia.	Equipo directivo, dirección.	3ª avaliación	Presuposto suficiente.		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
<b>Área/s de mellora: D-DESENVOLVEMENTO PROFESIONAL CONTINUO / H-COMPETENCIAS DIXITAIS DO ALUMNADO</b>						
<b>OBXECTIVO 2:</b>	Extender o programa de estratexia dixital entre a comunidade educativa.				Acadado	
<b>Responsable:</b>	Equipo TIC, coordinador, equipo directivo.				Non acadado	
<b>INDICADOR/ES DO OBXECTIVO:</b>	<ol style="list-style-type: none"> <li>Conseguir que Mestres/as utilicen regularmente aplicación dixitais na aula.</li> <li>Fomentar nos alumnos/as o uso tanto no centro coma nas súas casas das TIC.</li> </ol>					
<b>Valor de partida:</b>	Uso case anecdótico de aplicacións dixitais no ámbito docente.					
<b>Valor previsto e data:</b>	Conseguir alo menos que cada mestre/a e o alumnado utilice unha aplicación dixital no desenvolvemento do curso académico.(13/9/2024)					

ACCIÓNS A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN	RESPONSABLES	DATA PREVISTA FIN	RECURSOS NECESARIOS	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN	ESTADO	
AO1.1:Reflexión sobre que aplicacións podemos difundir para cada materia ou especialidade.	Equipo TIC	1ª avaliación	Conexión web, coñecementos dun especialista na materia.		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO1.2:Grupos de traballo para presentar aos compañeiros /as e aos alumnos/as as aplicación facilitando o seu uso mediante unha formación ou seminario.	Equipo TIC	2ª avaliación	Conexión web, coñecementos dun especialista na materia.		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO1.3:En cada materia ou especialidade facer un seguimento e avaliación da actividade mediante un diario, rúbricas, etc.	Equipo TIC, xefatura de estudos.	3ª avaliación	Conexión web, coñecementos dun especialista na materia.		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

Área/s de mellora: D-DESENVOLVEMENTO PROFESIONAL CONTINUO / F-PEDAGOXÍA: IMPLEMENTACIÓN NA AULA							
<b>OBXECTIVO 3:</b>	Afondar no plan de formación en contidos dixitais.					Acadado	
<b>Responsable:</b>	Equipo TIC.					Non acadado	
<b>INDICADOR/ES DO OBXECTIVO:</b>	1. Fomentar o uso individual e compartido de contidos dixitais por parte dos mestres/as. 2. Conseguir crear algún tipo de contido dixital.						
<b>Valor de partida:</b>	Creación case nula de contidos dixitais.						
<b>Valor previsto e data:</b>	Creación de por exemplo: BLOGS de aula, de nivel, etc. (13/9/2024)						
ACCIÓNS A DESENVOLVER							
DESCRICIÓN	RESPONSABLES	DATA PREVISTA FIN	RECURSOS NECESARIOS	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN			
				VALORACIÓN DA ACCIÓN	ESTADO		
AO1.1: Seminarios grupais sobre tipos de contidos dixitais.	Equipo TIC.	1ª avaliación	Conexión á rede, relatores para os seminarios.		Realizada		
					Aprazada		
					Pendente		
AO1.2: Busca e uso individual de contidos dixitais para a creación dun proxecto TIC.	Equipo TIC, Mestres/as.	2ª avaliación	Conexión e equipos.		Realizada		
					Aprazada		
					Pendente		
AO1.3: Creación dun blog da aula, nivel, etc.	Equipo TIC, Mestres/as.	3ª avaliación	Acceso á aula virtual, acceso aos blogs da web do centro.		Realizada		
					Aprazada		
					Pendente		



Área/s de mellora: E-PEDAGOXÍA:APOIOS E RECURSOS						
<b>OBXECTIVO 4:</b>	Conseguir a colaboración activa entre institucións e asociacións a través de redes dixitais.				Acada do	
<b>Responsable:</b>	Equipo TIC, equipo directivo.				Non acadado	
<b>INDICADOR/ES DO OBXECTIVO:</b>	1. Desenvolver unha rede dixital de colaboración entre Mestres/as. 2. Desenvolver unha rede dixital de colaboración entre o centro e outras organización ou institucións (Concello, outros centros, etc.). 3. Conseguir un desenvolvemento e comunicación efectivo entre todos os elementos implicados.					
<b>Valor de partida:</b>	Pouca comunicación por vías dixitais.					
<b>Valor previsto e data:</b>	Comunicación dinámica por estas vías dentro e fóra da centro (13/9/2024)					
ACCIÓNS A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN	RESPONSABLES	DATA PREVISTA A FIN	RECURSOS NECESARIOS	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN	ESTADO	
AO1.1:Convocar reunión de grupos de traballo nas que se establezan as mellores canles (blog, web, aula virtual, redeiras, escola na nube, etc., para a comunicación entre profesorado e con outras organizacións.	Equipo TIC	1ª avaliación	Acceso web e coñecementos na materia.		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO1.2:Comprobar a eficacia dos mesmos a través da creación dun calendario de xuntanzas vía web e comprobar os logros acadados.	Equipo TIC, profesorado.	2ª avaliación	Acceso web e coñecementos na materia.		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO1.3:Extendelo a outros membros/as da comunidade educativa, concello , outros centros, etc.	Equipo TIC, profesorado, equipo directivo.	3ª avaliación	Acceso web e coñecementos na materia.		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

## Área/s de mellora: D- DESENVOLVEMENTO PROFESIONAL CONTINUO / H-COMPETENCIAS DIXITAIS DO ALUMNADO

<b>OBXECTIVO 5:</b>	Incentivar o emprego de contornas virtuais para a realización de actividades.	Acadado	
<b>Responsable:</b>	Equipo TIC, xefatura de estudos, dirección.	Non acadado	

<b>INDICADOR/ES DO OBXECTIVO:(2)</b>	<ol style="list-style-type: none"> <li>1. Conectar polo menos unha vez ao trimestre a todos os alumnos/as á aula virtual.</li> <li>2. Realizar alguna entrega de traballos/tarefas/exercicios unha vez ao trimestre a través da aula virtual.</li> <li>3. Acceder a algún contido ou páxina web mediante hipervínculos establecidos en tarefas da aula virtual.</li> </ol>
--------------------------------------	--

<b>Valor de partida: (3)</b>	Uso esporádico da aula virtual.
------------------------------	---------------------------------

<b>Valor previsto e data: (4)</b>	Uso periódico da aula virtual. (13/9/2024)
-----------------------------------	--

### ACCIÓN A DESENVOLVER

DESCRICIÓN (5)	RESPONSABLES (6)	DATA PREVISTA FIN (7)	RECURSOS NECESARIOS (8)	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)	ESTADO (10)	
A01.1: Seminarios de traballo co profesorado, formacións (aula virtual, PDA)	Equipo TIC, xefatura de estudos.	1ª avaliación.	Conexión, tempo e formadores/as		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
A01.2: Grupos de traballo cos titores/as e especialistas para preparar o acceso á aula virtual (ver contidos na mesma e facer un resumo, etc)	IDEM	2ª avaliación	IDEM		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
A01.3: Proposta de tarefas e exercicios a través da aula virtual.	Porfesorado	3ª avaliación	Conexión web		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

Área/s de mellora: G-PRÁCTICAS DE AVALIACIÓN						
<b>OBXECTIVO 6:</b>	Coñecer ferramentas dixitais para avaliar as capacidades do alumnado a través das TIC.				Acadado	
<b>Responsable:</b>	Equipo TIC, xefatura de estudos.				Non acadado	
<b>INDICADOR/ES DO OBXECTIVO:(2)</b>	<ol style="list-style-type: none"> <li>1. Fomentar a formación do profesorado na avaliación por medios dixitais.</li> <li>2. Desenvolver estratexias de avaliación dixital.</li> <li>3. Descubrir e utilizar os medios de avaliación tanto da aula virtual coma da plataforma eva-edixgal.</li> <li>4. Utilizar web quest e formularios para avaliar.</li> <li>5. Descubrir as rúbricas coma elemento que permite avalair niveis de desempeño do alumnado.</li> </ol>					
<b>Valor de partida: (3)</b>	Nula avaliación por medios dixitais.					
<b>Valor previsto e data: (4)</b>	Uso periódico dos medios dixitais para avaliar capacidades dos alumnos/as (13/9/2024)					
ACCIÓNS A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN (5)	RESPONSABLES (6)	DATA PREVISTA FIN (7)	RECURSOS NECESARIOS (8)	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)	ESTADO (10)	
AO1.1: Seminarios de formación do profesorado en aplicacións (class dojo, kahoot, your rubric, etc.)	Equipo TIC, xefatura de estudos	1ª avaliación	Tempo, acceso web, relatores.		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO1.2: Uso das ferramentas de avaliación da aula virtual e de E-Dixgal a través da avaliación dunha tarefa.	Equipo TIC, profesorado	2ª avaliación.	Acceso web		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO1.3: Posta en común dos resultados e da experiencia. (feedback, informe final, rúbrica, etc).	Equipo TIC, equipo directivo e profesorado	3ª avaliación.	Tempo		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

Área/s de mellora: G-PRÁCTICAS DE MELLORA						
<b>OBXECTIVO 7:</b>	Inventariar e clasificar o material informático do centro.				<b>Acadado</b>	
<b>Responsable:</b>	Equipo TIC, equipo directivo.				<b>Non acadado</b>	
<b>INDICADOR/ES DO OBXECTIVO:(2)</b>	1. Os mestres e mestras realizan o inventario do material informático da súa aula. 2. O equipo TIC clasifica o material da aula de informática.					
<b>Valor de partida: (3)</b>	Nulo inventariado de material informático.					
<b>Valor previsto e data: (4)</b>	Inventario e clasificación de todo o material informático. (13/9/2024)					
ACCIÓNS A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN (5)	RESPONSABLES (6)	DATA PREVISTA FIN (7)	RECURSOS NECESARIOS (8)	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)	ESTADO (10)	
AO1.1: Reflexionar sobre a importancia do inventariado do material informático para a súa localización e cubrir necesidades.	Equipo TIC, equipo directivo.	1ª avaliación	Tempo, documento inventario.		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO1.2: Clasificación do material informáticos en espazos axeitados.	Equipo TIC, equipo directivo e profesorado.	2ª avaliación.	Tempo, organizadores de material (armarios, caixas).		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO1.3:Posta en común dos resultados para actualizar datos.	Equipo TIC, equipo directivo e profesorado.	3ª avaliación.	Tempo		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

## 3.2 .Necesidades de equipamento e de infraestruturas tecnolóxicas.

Unha vez que logramos ter unha infraestrutura decente e completa de 100MB por aula, temos que intentar dispoñer de equipos de derradeira xeneración en todas as aulas, seguridade perimetral para posibles ameazas, e cartelería dixital (pantallas) en zonas clave do centro coma o hall de entrada e nos diferentes pisos, sala de profesores/as, etc.

Ademais solicitamos á Consellería de Educación algo tan básico como mesas, cadeiras e armarios de almacenamento de material informático para dotar deste xeito á aula de informática, que apenas se usa pola falta de medios.

### 1. Avaliación do plan

Avaliarase tanto o proceso coma os resultados obtidos, o papel dos organizadores e os recursos empregados.

Unha vez ao trimestre:

- Mediranse os recursos investidos no programa de formación, incluíndo o tempo e o custo que supón o desenvolvemento e os materiais. Paralelamente, avaliarase a reacción do profesorado e alumnado ao proceso de formación.
- Medirase o impacto da formación dende o punto de vista da práctica. É dicir: os implicados están aplicando as competencias recentemente adquiridas?
- Modificaranse as cuestións que sexan necesarias para enderezar o proceso cara aos obxectivos perseguidos.

Ao final do proceso:

- Determinarase se se cumpriron ou non os obxectivos formativos. É dicir: aprendéronse novas habilidades?
- Medirase o impacto da formación dende o punto de vista da práctica. É dicir: os implicados están aplicando as competencias recentemente adquiridas?
  - Redactaranse as propostas de mellora establecidas nun feedback que será confeccionado por todos os membros da comunidade educativa implicados no proceso.
- Avaliaranse ademais os niveis de desempeño do profesorado por medio dunha rúbrica con 4 niveis e relacionada coa capacidade de colaborar, de aplicar os coñecementos adquiridos, de innovación e de iniciativa propia.

## 2. Difusión do plan

- Reunións informativas das características do plan a toda a comunidade educativa ( sobre todo aos mestres e mestras implicadas), ao principio do proceso.
- Publicitar na páxina web do centro para que o plan dixital chegue a toda a comunidade, e aviso por abalar.
- Difusión para o profesorado a través dunha reunión informativa ao comezo do curso escolar, e posteriormente a apertura de canles dixitais para facer unha memoria de todo o proceso, na que queden expresadas as dificultades atopadas tanto de tempos, espazos coma recursos.